



Concello de Vimianzo

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE DATA 22/02/2012.

Na Vila de Vimianzo, ás doce horas e quince minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil doce, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Monserrat Vázquez Miñones
D. José Manuel Perez Trillo
D.^a Carmen Felicidad Borbujo Martínez
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Manuel Soto Pérez*
D.^a María Carmen Hermida Tomé

Ausentes:

D. Pablo López Vázquez, que xustificou a su ausencia.

Secretario: D. Rafael José del Barrio Berbel

Interventora: D.^a Eva María Casal Sanjurjo

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1. Dar conta da liquidación do orzamento do ano 2011

O Sr. alcalde dá a palabra á Sra. Interventora que explica a liquidación do orzamento do ano 2011 aprobado por decreto de alcaldía de data 8/02/2012 que se transcribe a continuación:

"Asunto: APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL, EXERCICIO 2011

DECRETO DA ALCALDIA

Manuel Antelo Pazos, Alcalde do Concello de Vimianzo (A Coruña), tendo en conta os seguintes:

Fundamentos:

1. O disposto nos artigos 191 a 193 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; en relación cos artigos 80 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve dita lei en materia de presupostos; bases 14^a, 23^a e 24^a de execución orzamentaria.

2. A Liquidación do Presuposto do Concello de Vimianzo correspondente ao exercicio económico de 2011 e a súa documentación complementaria.

3. O informe da intervención de data oito de febreiro de dous mil doce.

Adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a liquidación do presuposto municipal correspondente ao exercicio económico de 2011, co pormenor que se sinala a seguir:

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	4.691.019,37	4.436.447,72		
b. Operacións correntes non financeiras	748.737,71	610.630,57		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	5.439.757,08	5.047.078,29		
2. Activos financeiros	8.100,00	6.000,00		
3. Pasivos financeiros	0,00	169.203,47		
RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO	5.447.857,08	5.222.281,76		225.575,32
Axustes:				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			0,00	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			63.382,62	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			264.569,27	-201.186,65
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO				24.388,67

REMANENTE DE TESOURERÍA

COMPOÑENTES	IMPORTES ANO	
1. (+) Fondos líquidos		256.552,90
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		358.581,89
(+) Do orzamento corrente	390.431,84	
(+) De orzamentos cerrados	56.596,30	
(+) De operacións non presupostarias	22.062,52	
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	110.508,77	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		357.554,14
(+) Do orzamento corrente	211.641,16	
(+) De orzamentos cerrados	5.582,51	
(+) De operacións non presupostarias	149.313,85	
(-) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	8.983,38	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3)		257.580,65
II. Saldos de dubidoso cobro		27.415,92
III. Exceso de financiación afectada		0,00
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais		230.164,73

REMANENTES DE CREDITO COMPROMETIDOS A INCORPORAR

a.1 De obrigada incorporación e o seu financiamento



Concello de Vimianzo

C
O
P
I

REMANENTES	PARTIDA	IMPORTES CRÉDITO	FINANCIAMENTO			IMPORTE A INCORPORAR
		2.011	COMP RTGX EXFI			2.012
Contrato de Construc.Excavac.German Mouzo,S.L., con CIF.B15832553 da obra Saneamento integral do núcleo da Piroga,parroquia de Bamiro, do PCC 2008-2011	16110161901	316.315,70	316.315,70	0,00	0,00	316.315,70
Contrato de Manuel Barcia Garcia, con NIF. 33240116X, da obra Centro socio-cultural en Baiñas, do POS 2011	33462203	131.263,14	124.699,98	6.563,16	0,00	131.263,14
Suman		447.578,84	441.015,68	6.563,16	0,00	447.578,84

A

Notas: Financiamento: RTGX= Remanente tesourería para gastos xerais; COMP= compromiso de ingreso; EXFI= exceso financiamento afectada.

(*) O importe restante dos contratos poderá financiarse con recursos do exercicio corrente.

a.2 Outros remanentes de crédito comprometidos que se incorporan

P
Ú
B
L
I

REMANENTES	PARTIDA	IMPORTES CREDITO
Contrato de Produtos Químicos Bergantiños, S.L., CIF.B70047725 de subministro de produtos para o tratamento do servizo de augas, anualidade 2011	16122199	6.185,46
Contrato menor de Vehículos Costa,S.L. CIF.B15645740, para o servizo de transporte da piscina municipal e desprazamento de equipos de actividades deportivas, anualidade 2011	34122799	9.720,00
Contrato menor de Oscar R. Rodríguez Insua, NIF. 79311994J, do servizo de asesoramento xurídico e defensa xudicial da Corporación, período do 22/07/2011-31/12/2011	92022799	500,00
Contrato menor de Maceiras Esmoris, S.L. do servizo de limpeza de pistas municipais incluídas no lote nº.2 (Caxadxas-Carballa-Subeiro, Trasouteiro-Quitande, A Torre-Reboredo)	45321000	2.542,36
Contrato menor de Autocares Ferrín Costa, S.L., CIF.B70065347, do servizo de transporte do equipo de fútbol sala fisober, durante a tempada 2011-2012	34122799	1.825,20
Contrato menor de Celestino Valiña Romero, NIF.32426271C, do servizo de mantemento e mellora da rede complementaria de saneamento na Valiña, Vimianzo, durante 4,5 meses, importe ano 2011	16121000	6.355,56
Contrato menor de Faustino Espasandin Rial, NIF. 76341837F, para o servizo de mantemento e mellora de acometidas á rede municipal de saneamento en distintos lugares, durante 4,5 meses, ano 2011	16121000	5.814,45
Contrato menor de Xardinería Reja, S.L., CIF. B70117874 para prestación do servizo de mantemento do céspede sintético do campo municipal de fútbol de Vimianzo, mes de decembro/2011	34222799	580,17
Suman		33.523,20

b. Comprometidos que non se incorporarán

Ademais dos remanentes comprometidos sinalados na relación anterior existen os que se sinalan a seguir, que ao tratarse de cantidades sobrantes de contratos de subministracións e servizos durante a anualidade de 2011 e que ao non ser gastados non se incorporarán ao desistir de continuar coa execución dos gastos:

C
A

REMANENTES	PARTIDA	IMPORTES CREDITO
Contrato de subministro dunha centraliña telefónica, de Telefónica de España,S.A., CIF. A82018474	92020300	3.299,28
Contrato de Suelnor, S.L. con CIF.B15566383 de subministro de material eléctrico para o mantemento da iluminación pública do municipio, anualidade 2011	16521000	0,83
Contrato de Manuel Rodríguez Lema, S.L. CIF B15071822, de subministro de materiais para os servizos de brigada de augas, anualidade 2011	16122199	1.639,98
Contrato de Manuel Rodríguez Lema, S.L. CIF B15071822, de subministro de materiais para os servizos de brigadas municipais de obras e outros	45322199	5,77
Contrato de José Manuel Roibás Vázquez, NIF. 33311682T, de consultoría para o asesoramento xurídico do concello, ded xaneiro ao 21/07/2011	92022799	1.445,49
Contrato de APER SEGURIDAD, S.L. CIF B15603483, do contrato menor para a instalación dunha alarma para o edificio do ximnasio municipal	34221300	1.155,16
Contrato menor de Hormigones y Forjados Maceiras, S.C. CIF. J15858277, para o subministro de formigón para o servizo municipal de obras	45322199	1,42
Suman		7.547,93

C

Os demais remanentes existentes ao final do exercicio, consonte co disposto no art.99.1 do R.D.500/1990, sen máis excepcións cas sinaladas no artigo 182 do RD lexislativo 2/2004, dé 5 de marzo, quedan anulados.

O

Segundo. Que se proceda polos servizos de intervención municipal a levar a cabo os expedientes de incorporación consonte co detalle e importe sinalado anteriormente.

P

Terceiro. Consonte co disposto no art.90.2 do R.D. 500/1990, en relación co art.193.4 do R.D.L. 2/2004, darase conta desta aprobación ao pleno municipal na primeira sesión ordinaria que se celebre e seguiranse os demais trámites regulamentarios."

2. Aprobación do expediente de operación de crédito a longo prazo

I

Neste momento ausentase da sesión a Concelleira Mónica Rodríguez Lema por ter un interese persoal no asunto.

A

Vista a providencia de alcaldía de data 10/02/2012 pola que se inicia o expediente para levar a cabo a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 739.484,80 euros para facer fronte ao pago da débeda da casa de cultura recoñecida por sentenza xudicial firme.

Vista a Sentenza do Xulgado nº 4 do Contencioso Administrativo da Coruña de data 3/11/2010 (proced. 254/2008), o Auto de execución provisional do Xulgado nº 4 do Contencioso Administrativo da Coruña de data 4/03/2011 (execución de títulos xudiciais 1/2011), e a sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Coruña de data 14/07/2011 que recoñecen unha débeda da casa de cultura de Vimianzo coa empresa "Manuel Rodríguez Lema, S.L." por importe de 739.484,80 euros.

P

Visto o informe xurídico de secretaría de data 13/02/2012 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

U

Visto o informe de intervención de data 14/02/2012.

Considerando o disposto nos artigos 103 e seguintes da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso Administrativa (LJCA), e no artigo 163 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais en canto a execución das sentenzas:

B

"Artículo 103.2. LJCA. Las partes están obligadas a cumplir las sentencias en la forma y términos que en éstas se consignen. 3. Todas las personas y entidades públicas y privadas están obligadas a prestar la colaboración requerida por los Jueces y Tribunales de lo Contencioso-administrativo para la debida y completa ejecución de lo resuelto.

L

Artículo 106.1. LJCA. Cuando la Administración fuere condenada al pago de cantidad líquida, el órgano encargado de su cumplimiento acordará el pago con cargo al crédito correspondiente de su presupuesto que tendrá siempre la consideración de ampliable. Si para el pago fuese necesario realizar una modificación presupuestaria, deberá concluirse el procedimiento correspondiente dentro de los tres meses siguientes al día de notificación de la resolución judicial.

I

Artículo 112.LJCA. Transcurridos los plazos señalados para el total cumplimiento del fallo, el Juez o Tribunal adoptará, previa audiencia de las partes, las medidas necesarias para lograr la efectividad de lo mandado.

Singularmente, acreditada su responsabilidad, previo apercibimiento del Secretario judicial notificado personalmente para formulación de alegaciones, el Juez o la Sala podrán:

C

a. *Imponer multas coercitivas de ciento cincuenta a mil quinientos euros a las autoridades, funcionarios o agentes que incumplan los requerimientos del Juzgado o de la Sala, así como reiterar estas multas hasta la completa ejecución del fallo judicial, sin perjuicio de otras responsabilidades patrimoniales a que hubiere lugar. A la imposición de estas multas les será aplicable lo previsto en el artículo 48.*

A

b. *Deducir el oportuno testimonio de particulares para exigir la responsabilidad penal que pudiera corresponder."*

Artículo 163.3. TRLHL: El cumplimiento de las resoluciones judiciales que determinen obligaciones a cargo de las entidades locales o de sus organismos autónomos corresponderá exclusivamente a aquéllas, sin perjuicio de las facultades de suspensión o inexecución de sentencias previstas en las Leyes.



Concello de Vimianzo

4. La Autoridad administrativa encargada de la ejecución acordará el pago en la forma y con los límites del respectivo presupuesto. Si para el pago fuere necesario un crédito extraordinario o un suplemento de crédito, deberá solicitarse del Pleno uno u otro dentro de los tres meses siguientes al día de notificación de la resolución judicial."

Dado que é o Pleno da Corporación o órgano competente para o recoñecemento da obriga económica así como para a aprobación das operacións financeiras de crédito que fosen necesarias para o pago total ou parcial da citada débeda.

Considerando o disposto nos artigos 2, 49, 50, 51 y 52 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 14.3 do Real Decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de contas de data 17/02/2012.

O Sr. alcalde dá a palabra á Sra. Interventora que explica a contido da proposta de acordo.

O Sr. Alcalde explica que entre os obxectivos do goberno municipal estaba o cumprimento da sentenza xudicial que obriga ao Concello de Vimianzo a pagar ao constructor da casa da cultura o importe de 740.000 euros máis intereses, e que o goberno fixo os seus deberes e a situación económica positiva permite acceder ao crédito para resolver este asunto e sacalo da vida política. Destaca o plan de saneamento aprobado para facer fronte as dificultades económicas, o orzamento do ano 2012 aprobado mediante unha cuestión de confianza que recolle esta operación de crédito, a liquidación do orzamento de 2011 aprobada recentemente que supoñe un aforro neto positivo que permite solicitar o crédito sen necesidade de pedir autorización á Xunta de Galicia, e o calendario de pagos consensuado co contratista que estamos cumprindo na medida do posible. O alcalde sinala que na comisión informativa os membros actuaron responsablemente e espera que tamén o fagan no Pleno xa que é unha obriga para tódolos concelleiros, e no informe de secretaría fai referencia as responsabilidades nas que se incorren neste asunto.

O Sr. Miñones Riveiro, portavoz do grupo PSOE, sinala que van votar a favor, que nos informes de secretaría e intervención son favorables, xa que a outra opción posible é vender o patrimonio do Concello.

A Sra. Hermida Tomé, portavoz do grupo Independientes por Vimianzo, sinala que van votar a favor xa que non queren responsabilidades por incumprir unha orden xudicial.

A Sra. Borbujo Martínez, portavoz do grupo PP, xustifica a ausencia do Sr. López Vázquez e sinala que van votar en contra xa que o crédito é perxudicial para os intereses e o desenvolvemento do Concello de Vimianzo, e hai outras opcións viables como vender patrimonio. Matiza que por votar en contra non se incumpre unha sentenza xa que hai outras posibilidades menos perxudiciais, que van continuar coa vía xudicial iniciada polo grupo PP para depurar responsabilidades penais e políticas; que o 14 de marzo declara o exalcalde e solicitaran a responsabilidade civil que corresponda polos danos causados.

O Sr. Mancebo Amigo, portavoz do grupo BNG, di que en seis meses buscaron solución a un asunto que o anterior goberno non solucionou en seis anos. Explica que coincide coa Sra. Borbujo en que hai que esixir responsabilidades aos responsables e que non é xusto que haxa que pagar esa cantidade de máis do dobre do custo presupuestado; pero que agora hai que cumprir unha sentenza firme e dar normalidade á xestión municipal, e opción máis viable e menos perxudicial para os intereses do Concello é un prestamo para evitar malvender o patrimonio do Concello.

C

Neste momento incorpórase á sesión o Sr. Soto Pérez, que pide desculpas polo retraso e agracede ao Sr. Alcalde a espera no inicio do Pleno.

O

O Pleno da Corporación, por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos BNG, PSOE e as dous membros presentes do grupo Independientes por Vimianzo, dous votos en contra dos membros presentes do grupo PP, e ninghuna abstención, ACORDA:

P

PRIMERO.- Aprobar o expediente de concertación dunha operación de crédito a longo prazo prevista no orzamento vixente por importe de 739.484,80 euros para financiar o pago da débeda da casa de cultura recoñecida por sentenza xudicial firme.

I

SEGUNDO.- Aprobar o prego de condicións para a concertación da operación de crédito a longo prazo e solicitar ofertas a tódalas entidades financieras con presenza no municipio.

A

Neste momento incorpórase á sesión a Concelleira Mónica Rodríguez Ordoñez que se ausentou por ter un interese persoal no asunto.

3. Autorización para a cesión do contarto de concesión de obra pública do parque eólico singular 'O Barrigoso'

P

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, ao amparo das atribucións concedidas pola normativa vixente.

Ú

Visto o escrito de data 9/01/2012, RE nº 365, de 18/01/2012, de D. Antonio Gómez Zamora en nome e representación da sociedade mercantil "Energía y Recursos Ambientales, S.A." e de D^a Mónica Garay Irizar, en calidade de apoderada da sociedade mercantil "Energías Ambientales de Outes, S.A." polo que solicitan autorización do Concello de Vimianzo para a cesión do contrato de concesión de obra pública do parque eólico singular "O Barrigoso de Vimianzo", achegando a correspondente documentación xustificativa.

B

Resultando que por Providencia de alcaldía de data 8/02/2012 iniciouse a tramitación do expediente de autorización para a cesión por parte da sociedade "Energía y Recursos Ambientales, S.A." do contrato de concesión de obra pública do parque eólico singular "O Barrigoso de Vimianzo" á sociedade "Energías Ambientales de Outes, S.A."

L

Visto o expediente de contratación da concesión de obra pública para a construción e explotación do parque eólico singular "O Barrigoso de Vimianzo", adxudicado a mercantil "Energía y Recursos Ambientales, S.A." por acordo plenario de data 18/05/2004, formalizado en data 30/06/2004.

I

Visto o informe xurídico de secretaría de data 10/02/2012 e o informe de intervención municipal de data 14/02/2011.


C

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e na Lei 30/1992, do 28 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

A

Considerando o disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de réxime interior de data 17/02/2012.



Concello de Vimianzo

C

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que é a segunda vez que se trae este asunto ao Pleno, e pide responsabilidade xa que é un acto reglado como unha licenza e en caso de non autorizalo habería que xustificar os motivos.

O

O Sr. Miñones Riveiro, o Sr. Soto Pérez e a Sra. Borbujo Martínez sinalan que van votar a favor.

P

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

I

PRIMEIRO.- Autorizar a sociedade mercantil "Energía y Recursos Ambientales, S.A." a cesión do contrato de concesión de obra pública do parque eólico singular "O Barrigoso de Vimianzo", adxudicado por acordo plenario de data 18/05/2004 e formalizado en data 30/06/2004, a favor da sociedade mercantil "Energías Ambientales de Outes, S.A.", que acepta e asume todos os dereitos e obrigas dimanantes do citado contrato administrativo que se xunta ao presente acordo como Anexo nº1. A cesión deberá formalizarse en escritura pública notarial de acordo co establecido no artigo 114 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A

SEGUNDO.- Requiritr á sociedade cesionaria "Energías Ambientales de Outes, S.A." para que unha vez formalizada a cesión do contrato de concesión de obra pública en escritura pública notarial achegue unha copia simple da mesma ao Concello e presente a fianza definitiva por importe de 108.182,18 euros. Unha vez presentada a correspondente fianza o Concello autorizará de oficio a devolución da fianza polo mesmo importe depositada no ano 2004 pola sociedade cedente "Energía y Recursos Ambientales, S.A."

P

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Ú

4. Aceptación da renuncia da Asociación pro Enfermos Mentales á concesión do uso privativo do local da antiga biblioteca municipal

B

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

L

Resultando que por acordo plenario de data 27/03/2010 adxudicouse á Asociación pro Enfermos Mentales (APEM) á concesión administrativa do uso privativo do local da antiga biblioteca municipal de Vimianzo, formalizándose en documento administrativo de data 15/07/2010.

I

Visto o escrito de data 13/01/2012, RE nº 255, de 16/01/2012, de D. José Luis Muruzábal Arlegui en representación de Asociación pro Enfermos Mentales (APEM), polo que renuncia á citada concesión e solicita a cesión dos locais do centro social de Vimianzo para un centro de rehabilitación psicosocial e laboral.

C

Considerando o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na Lei 33/2003, de 3 de novembro, e na Lei de Contratos do Sector Público e normativa concordante.

A

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de réxime interior de data 17/02/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que o asunto foi dictaminado por unanimidade na comisión informativa correspondente, que se trata da renuncia por parte desta asociación a un acordo de utilizar os locais da antiga biblioteca, e recóllese a suxestión do PP de comprometerse no Pleno á cesión do local no centro social que estaba tramitándose para que esta asociación permanezca en Vimianzo.

C O Sr. Miñones Riveiro, o Sr. Soto Pérez e a Sra. Borbujo Martínez sinalan que van votar a favor.

O O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

P Primeiro.- Aceptar a renuncia da Asociación pro Enfermos Mentales (APEM) á concesión administrativa do uso privativo do local da antiga biblioteca municipal de Vimianzo adxudicada a esta entidade por acordo plenario de data 27/03/2010.

O Concello comprométese a autorizar a cesión dos locais do centro social de Vimianzo solicitados por esta entidade para un centro de rehabilitación psicosocial e laboral.

I Segundo.- Devolver á entidade concesionaria a garantía definitiva depositada polo importe de 1.899,06 euros.

A Terceiro.- Notificar o presenta acordo aos interesados e comunicalo aos departamentos municipais afectados.

5. Participación no Plan Complementario de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial de Coruña.

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, ao amparo das atribucións concedidas pola normativa vixente.

P Vistas as bases reguladoras do PCC 2008/2011 e a circular de data 28/12/2012 do PCC 2008/2011 para os concellos con asignación provincial pendente de consumir ou con baixas de licitación, na que se comunica que o Concello de Vimianzo ten pendente de investir a cantidade de 82.593,74 euros.

Ú Visto o informe xurídico de secretaría de data 14/02/2012.

B Considerando o disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

L Dictaminado favorablmente pola comisión informativa de obras de data 17/02/2012.

L O Sr. Alcalde dá a palabra ao Sr. Arquitecto que explica o proxecto de obra que se somete a aprobación.

I Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que este plan complementario financiase coas baixas da obra do saneamento na Piroga e cunha aportación do Concello do 10%. Matiza que con este proxecto séntanse as bases para iniciar o paseo fluvial de Vimianzo ao carón do río, e soluciónanse varios problemas en Baiñas como os puntos de verquidos contaminantes, a canalización das augas pluviais e fecais e a demanda de enganches á rede de sumidoiros.

C O Sr. Miñones Riveiro e o Sr. Soto Pérez sinalan que van votar a favor destas obras para solucionar os problemas de verquidos contaminantes.

A A Sra. Borbujo Martínez dí que van votar a favor destas obras.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Participar no Plan complementario de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, e solicitar a inclusión da seguinte obra no Plan



Concello de Vimianzo

Complementario para ser financiada con cargo aos remanentes xerados polas baixas de licitación ou anulacións de obras:

Obra: "Canalización de vertidos a la red municipal de saneamiento en el nucleo de Vimianzo e instalación de minidepuradora en Baiñas".

Importe total de 91.770,82 euros.

Achega municipal: 9.177,08 euros

Achega provincial: 82.593,74 euros.

Aprobar os correspondente proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal.

SEGUNDO.- Declarar que o concello conta cos terreos e se compromete a obter as autorizacións necesarias para a execución da obra.

TERCEIRO.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

CUARTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

QUINTO.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO.- Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

6. Nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados externos

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, ao amparo das atribucións concedidas pola normativa vixente.

Vista a reunión da xunta de portavoces do día 3/02/2012 e o acordo plenario de data 25/06/2011 sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos externos segundo o seguinte método:

"A representación nos órganos colexiados será exercida por todos os concelleiros e concelleiras da Corporación, segundo o seguinte método:

- *O alcalde representa ao concello no Grupo de Acción Coustera, no GDR e na presidencia da Mesa Local de Comercio.*
- *Os grupos nomearán aos representantes nos órganos externos, empezando a elixir de maior a menor representación, un órgano de cada vez.*

Considerando o disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de réxime interior de data 17/02/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde explica que dado que cambiaron os apoios ao goberno nestes meses, na xunta de portavoces acordouse volver á primeira designación aprobada polo Pleno de mutuo acordo cando o goberno estaba en minoría, polo que non queren cambiar o criterio inicial consensuado entre todos. Matiza que tamen contemplaban outra forma

C de reparto obxectiva, como a Lei d'hont que calcula o número de representantes e asina xerarquicamente a representación.

O O Sr. Miñones Riveiro sinala que non estiveron na xunta de portavoces e que van absterse.

P O Sr. Soto Pérez dí que non é a súa proposta e que van absterse.

A Sr. Borbujo Martínez sinala que van votar a favor e aclara que na xunta de portavoces solo estiveron dous grupos, PP e BNG; e que das tres opcións posibles, a do grupo IxV xa se reixetou no Pleno, e das dúas que presentou o alcalde elixiuse a máis democrática que xa foi aprobada por consenso noutro Pleno.

A O Pleno da Corporación, por seis votos a favor correspondentes aos membros dos grupos BNG e PP, e seis abstencións correspondentes aos membros dos grupos PSOE e Independientes por Vimianzo, ACORDA:

PRIMEIRO.- A representación dos membros da Corporación nos órganos colexiados externos será a acordada na sesión plenaria de data 25/06/2011:

-Grupo de Acción Costera:

Grupo BNG. D. Manuel Antelo Pazos

P **-Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR):**

Grupo BNG. D. Manuel Antelo Pazos

-Presidencia da Mesa Local de Comercio:

Grupo BNG. D. Manuel Antelo Pazos

Ú **-Consello Escolar do CEIP San Vicens de Vimianzo:**

Grupo PSdG-PSOE.

B **-Consello Escolar do colexio público de Baiñas:**

Grupo Independientes por Vimianzo.

L **-Consello Escolar do IES e profesional da Gándara:**

Grupo BNG

-Consello Escolar das escolas unitarias:

Castromil: Grupo PSdG-PSOE.

Cereixo: Grupo PP

Carnés: Grupo PP

Carantoña: Grupo PSdG-PSOE.

C **-Escola Infantil Municipal: Grupo PP**

-Patronato para a mellora do Medio Rural:

Grupo Independientes por Vimianzo.

-Xunta Local de Concentración Parcelaria:

Grupo BNG

-Xunta de Protección Civil e Extinción de Incendios:

Grupo BNG



Concello de Vimianzo

C
O
P
I
A

P
U
B
L
I
C
A

-Xuntas Periciais dos Catastros de Rústica e Urbana:
Grupo Independientes por Vimianzo.

-Xunta Local da Cruz Vermella:
Grupo BNG

-Representante do Concello na Mesa Local de Comercio:
Grupo PP

SEGUNDO.- Os grupos municipais deberan designar aos titulares e suplentes de cada órgano do que se dará conta na próxima sesión plenaria.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o doce de xaneiro de dous mil un.



O secretario



C
O
P
I
A

P
Ú
B
L
I
C
A